

Orde do 22 de marzo de 2010 pola se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación no Decreto 62/1988, do 17 de marzo. A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do Sistema Universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, está a levar a cabo unha política de asistencia económica aos estudantes que queda concretada en diversas accións co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico. Nesta liña, con esta orde preténdese continuar a política de bolsas e axudas para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares destinadas a estudantes universitarios, razón pola que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria debe apoiar as iniciativas dos estudantes que contribúan a enriquecer a súa formación académica e científica, tanto no ámbito dos centros e das universidades do Sistema Universitario de Galicia coma en calquera outro lugar en que se produzan eventos, congresos, simposios, seminarios e calquera outro tipo de acontecementos que poidan contribuír á dita formación.

De conformidade co establecido no artigo 2º b) da Orde do 3 de agosto de 2009, DOG do 7 de agosto, de delegación de competencias, a Secretaría Xeral de Universidades

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócanse axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ao alumnado universitario matriculado nalgunha das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED en Galicia no curso 2009/2010, destinadas a sufragar parte dos gastos ocasionados pola asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares relacionados coas materias obxecto de estudo na titulación cursada.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, cunha contía global de 43.000 euros. Non obstante, pode ser incrementada no caso de producirse remanente doutras convocatorias financiadas con cargo á mesma aplicación orzamentaria, de acordo co disposto no artigo 31.2º punto b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Período.*

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, única e exclusivamente, entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2010.

Artigo 4º.-*Requisitos.*

1. Poderán solicitar estas axudas os/as alumnos/as universitarios/as que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado no curso 2009/2010 en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED en Galicia, no derradeiro curso de estudos conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou nun máster universitario.

b) Atoparse matriculado, nos plans de estudos estruturados por créditos, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira.

Para os estudos de máster universitario, estar matriculado dun mínimo de 60 créditos, nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades de Santiago, A Coruña ou Vigo no curso 2009/2010.

c) Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 1,50 puntos, calculada cos parámetros publicados por Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo. No caso de alumnos de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo alumno multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.

d) O congreso, seminario, simposio ou similar, deberá estar organizado por universidades públicas, privadas ou outras institucións de recoñecido prestixio académico no que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto dos estudos que están a realizar.

e) Que as actividades teñan unha duración mínima de 24 horas acreditadas pola entidade organizadora.

2. Quedan excluídos desta convocatoria os alumnos que xa resultasen beneficiarios desta axuda en anteriores convocatorias.

Artigo 5º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. A solicitude, segundo o modelo ED432A que se publica como anexo a esta orde, asinada polo/a solicitante poderá presentarse:

a) No Rexistro Único da Xunta de Galicia, dirixidas á Secretaría Xeral de Universidades, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

b) Nos rexistros oficiais das universidades do Sistema Universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, DOG do 3 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

Se a solicitude é remitida por correo presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

Non se admitirá como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

2. Os candidatos só poderán presentar unha solicitude. A presentación de dúas ou máis solicitudes invalidará todas as presentadas.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 6º.-Documentación.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Certificación académica completa ou copia compulsada na que se fará constar a nota media simple do expediente académico, calculada de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración subscrito o 21 de febreiro de 2005 entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do 23 de marzo por Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de marzo de 2005.

O alumnado que estea cursando estudos de 2º ciclo, por acceder desde unha titulación de 1º ciclo, deberá enviar ademais a certificación académica dese 1º ciclo.

O alumnado que curse un máster universitario deberá presentar igualmente a certificación académica da titulación que lle dá acceso a estes estudos, coa expresión da súa nota media.

Os alumnos que estean cursando o segundo ano dun máster universitario deberán presentar ademais da devandita certificación académica, o certificado das cualificacións do primeiro ano.

b) Xustificante da matrícula en estudos universitarios correspondente ao curso 2009/2010.

c) Orixinal ou copia do programa das actividades do evento ao que desexa asistir, no que deberán figurar as horas de duración, lugar e datas de realización.

d) Declaración responsable do solicitante na que faga constar a vinculación existente entre as materias obxecto de estudo e as actividades as que se quere asistir.

e) Declaración responsable en que o solicitante indique se ten ou non solicitada ou concedida outro tipo de bolsa ou axuda para a actividade obxecto desta orde ante as administracións públicas ou outros entes públicos. Con este documento entenderase cumprido o requisito exixido previo ao pagamento.

f) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a interesado/a en que conste o número de conta do cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina e o dxfito de control.

g) Resumo da comunicación, póster ou achega ao congreso, simposio, seminario ou similar que, de ser o caso, presente o/a solicitante.

Artigo 7º.-Exposición de listaxes provisionais.

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas xefaturas territoriais e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas. Así mesmo, poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: www.edu.xunta.es.

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 3 de xuño. Os interesados disporán dun prazo de reclamación comprendido desde o día 4 ao día 14 de xuño de 2010, ambos os dous incluídos, e durante ese prazo poderanse formular reclamacións ou emendar erros e falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, presentando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos na Lei 30/1992.

Artigo 8º.-Comisión avaliadora.

A selección das solicitudes será realizada por unha comisión integrada por:

Presidente: o titular da Subdirección Xeral de Universidades.

Vogais:

O titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

O titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade da Coruña.

O titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Vigo.

O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Secretario: un funcionario/a da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

Artigo 9º.-*Selección.*

1. A selección será realizada pola comisión avaliadora en atención á cualificación obtida polo/a alumno/a en orde directamente proporcional á nota media do expediente académico obtida de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración o 21 de febreiro de 2005 entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do 23 de marzo de 2005 por Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005. No caso de alumnos procedentes de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo alumno multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.

No caso de posuír a mesma nota media de expediente académico, terán preferencia para a concesión da axuda aqueles/as alumnos/as que participen no evento, mediante a presentación de comunicación, póster ou similar.

2. Así mesmo, a comisión elaborará unha lista de suplentes, por orde de puntuación do seu expediente académico, na que figurarán os solicitantes que, cumprindo os requisitos exixidos na convocatoria, non acadaron un número de orde que lles permita ser adxudicatarios da bolsa.

3. No suposto de producirse algunha renuncia ou baixa e tendo en conta o remanente de crédito, procederase a adxudicarlles a bolsa a aqueles solicitantes que figuren na lista de candidatos suplentes elaborada pola comisión e pola orde que nela aparecen, sempre que presenten a documentación xustificativa de ter asistido ao evento, sinalada no artigo 12º, antes do 11 de outubro de 2010.

Artigo 10º.-*Dotación económica da bolsa.*

Solicitantes que presenten comunicación, póster ou similar en función do lugar de realización.	-En Galicia: 250 euros. -En España/Portugal: 450 euros. -Resto países europeos: 650 euros. -Resto países: 350 euros.
Solicitantes que non presenten comunicación, póster ou similar en función do lugar de realización.	-En Galicia: 125 euros. -En España/Portugal: 225 euros. -Resto países europeos: 325 euros. -Resto países: 425 euros.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Resolución.*

1. Unha vez efectuada a selección pola comisión avaliadora, esta elevará un informe-proposta ao titular da Secretaría Xeral de Universidades, quen emitirá resolución na que constarán tres relacións: unha, co alumnado que resulte adxudicatario das bolsas; outra segunda, co alumnado ao que lle sexa denegada a bolsa por non reunir algún ou algúns dos requisitos esixidos nesta convocatoria; e unha terceira, co alumnado que, reunindo os requisitos exixidos, non acadou un número de orde que lle permita obter a bolsa. Os alumnos incluídos nesta última relación quedarán ordenados de acordo coas súas puntuacións e constituirán a lista de suplentes coa que se irán substituíndo, por rigorosa orde, os alumnos adxudicatarios que por calquera causa non participen no programa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o titular da Secretaría Xeral de Universidades no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Para os efectos establecidos no artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

3. Os solicitantes aos cales lles sexa denegada a bolsa poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 12º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Os adxudicatarios que figuran na listaxe de concedidos así como os da listaxe de suplentes, se os houber, presentarán na Secretaría Xeral de Universidades, antes do día 11 de outubro de 2010, os documentos xustificativos seguintes:

a) Orixinal ou copia compulsada do certificado ou acreditación de asistencia á actividade para a que

Ile foi concedida a axuda e, se é o caso, de presentación da comunicación, póster ou similar, traducido, no caso de estar en lingua estranxeira, para algunha das linguas oficiais desta comunidade autónoma e no que se especifique lugar e datas de realización. Así mesmo, deberán conservar os xustificantes referidos aos gastos de viaxe e demais gastos ocasionados pola asistencia ao evento xa que poderán ser requiridos pola Subdirección Xeral de Universidades, para a verificación das datas, estadías etc.

b) No caso de terse producido variación nos datos achegados na declaración responsable de axudas presentada coa solicitude, deberá achegar unha nova declaración na que consten os cambios producidos.

2. As axudas concedidas faranse efectivas mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a.

Artigo 13º.-*Incompatibilidades, obrigas e cumprimento dos/as borseiros/as.*

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda destinada a ese mesmo fin por algunha das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. Os solicitantes polo feito de solicitar esta axuda, comprométense a aceptar o contido desta convocatoria e o seu resultado, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Remitir á Secretaría Xeral de Universidades, unha vez finalizada a actividade, a documentación que se solicita no antedito artigo 12º.

b) Comunicar por escrito a renuncia á bolsa no caso de producirse unha causa que determine a dita renuncia.

c) Informar ao órgano concedente da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou privado.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro, total ou parcial, polo/a beneficiario/a, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión de axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como ás sancións impostas cando proceda.

A reserva que o peticionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a súa publicidade nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2ºc) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Contra esta orde poderase interpoñer, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o titular da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

P.D. (Orde do 03-08-2009, DOG nº 154 de agosto)
José Alberto Díez de Castro
Secretario xeral de Universidades



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Secretaría Xeral de Universidades

ANEXO

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A ASISTENCIA A CONGRESOS, SIMPOSIOS, SEMINARIOS OU SIMILARES DESTINADAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED432A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/NIF
UNIVERSIDADE	FACULTADE / ESCOLA	CARREIRA QUE CURSOU OU ESTÁ CURSANDO	
TELÉFONO	ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO EVENTO

TÍTULO DO EVENTO			
TIPO <input type="checkbox"/> LOCAL <input type="checkbox"/> NACIONAL <input type="checkbox"/> INTERNACIONAL	PRESENTA COMUNICACIÓN / POSTERS <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	Nº HORAS DE DURACIÓN	
LUGAR DE REALIZACIÓN		PAÍS	
DATA DE INICIO		DATA DE FIN	
FOILLE CONCEDIDA NALGUNHA CONVOCATORIA ANTERIOR ESTA BOLSA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		EN CASO AFIRMATIVO INDIQUE ANO DE CONCESIÓN	

DOCUMENTACIÓN

<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACADÉMICA OFICIAL OU COPIA COMPULSADA EN QUE SE FARÁ CONSTAR A NOTA MEDIA SIMPLE DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE MATRÍCULA CORRESPONDENTE AO CURSO ACADÉMICO 2009-2010.
<input type="checkbox"/> ORIXINAL OU COPIA DO PROGRAMA DAS ACTIVIDADES DO EVENTO AO QUE SE DESEXA ASISTIR, NO QUE DEBERÁN FIGURAR AS HORAS DE DURACIÓN, LUGAR E DATA DE REALIZACIÓN.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE EN QUE FAGA CONSTAR A VINCULACIÓN EXISTENTE ENTRE AS MATERIAS OBXECTO DE ESTUDO E AS ACTIVIDADES ÁS QUE SE QUERE ASISTIR.
<input type="checkbox"/> DECLARACION RESPONSABLE EN QUE O SOLICITANTE INDIQUE SE TEN OU NON SOLICITADA OU CONCEDIDA OUTRO TIPO DE BOLSA OU AXUDA PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DESTA ORDE ANTE AS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS OU OUTROS ENTE PÚBLICOS.
<input type="checkbox"/> DOCUMENTO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA A NOME DO INTERESADO, EN QUE CONSTE O NÚMERO DE CONTA DO CLIENTE E OS CÓDIGOS QUE IDENTIFICAN O BANCO, A OFICINA E O DÍXITO DE CONTROL.
<input type="checkbox"/> RESUMO DAS COMUNICACIÓNS OU OS PÓSTERS QUE, DE SER O CASO, PRESENTE O SOLICITANTE.

DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso nalguna das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON (Neste caso achegar documentación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 22 de marzo de 2010 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA